



Concello da Coruña

* ciclo **falando con mulleres**

marzo 2026

O **Concello da Coruña**, a través da Concellería de Benestar Social, Participación e Igualdade e do CIM, presenta o ciclo **Falando con mulleres**, un espazo de encontro e diálogo para escoitar e compartir saberes e experiencias. Esta programación forma parte da Campaña do 8M, Día Internacional das Mulleres, e artéllase en distintas accións abertas a toda a cidadanía.

Mulleres que son e están

Luns 2 de marzo · 18:00 h · Auditorio Sede Afundación (Cantón Grande, 8)

Mesa de debate concebida como un espazo de diálogo **feminista, decolonial e interseccional** para compartir saberes e poñer en valor a diversidade.

participan



Ebbaba Hameida

Xornalista e escritora saharauí, doutora en Xornalismo e vicepresidenta de Reporteros Sin Fronteras en España. Colaboradora en TVE no programa *Objetivo Igualdad*. Cubriu conflitos como a guerra en Ucraína, eleccións en Irán e realizou reportaxes sobre o Líbano, os efectos do cambio climático en Somalia e crises migratorias en distintos contextos xeográficos.

Suiry Sobrino Verástegui

Xornalista peruana afincada en Barcelona, comprometida cunha comunicación transformadora e cunha ollada crítica. Activista, formadora e investigadora en comunicación e pedagogías feministas desde unha perspectiva decolonial e antirracista.



María José Jiménez Cortiñas (Guru)

Traballadora social e activista feminista e antirracista. Destaca polo seu traballo en defensa dos dereitos das mulleres xitanas. Na actualidade preside a Asociación *Gitanas Feministas por la Diversidad*.

modera

peche final



Lis Teuntor

A xornada culminará coa música de Lis Teuntor, pianista e cantante.

Estíbaliz Veiga

Actriz e comunicadora.



Asistencia gratuíta previa inscrición [aquí](#)

